




PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

CURSO: 2025-2026

TABLA DE CONTENIDO

1.	CONTEXTUALIZACIÓN	2
2.	CARACTERÍSTICAS DE CENTRO	2
3.	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	4
4.	PROXECTO EDUCATIVO	4
5.	OBXECTIVOS DE CENTRO	6
6.	OFERTA EDUCATIVA	8
7.	COMPETENCIAS CLAVE	9
8.	TEMAS TRANSVERSALES	10
9.	VIDA SAUDABLE	12
10.	PRINCIPIOS METEDEOLÓGICOS	13
11.	ENTIDADES COLABORADORAS	19
12.	PLANS E PROXECTOS DE CENTRO	19

1. CONTEXTUALIZACIÓN

Nome: CPR San José

Dirección: Princesa 1, 36002 Pontevedra

Teléfono: 986 86 19 90 / 650 86 91 47

E-mail: cpr.sanjose.pontevedra@edu.xunta.gal

Páxina web: www.cprsanjose.es

O colexio San José é un colexio privado concertado, recoñecido legalmente nos niveis de E. Infantil e E. Primaria. O titular propietario do colexio é a Cooperativa de Ensinanza San José. Acóllese á financiación pública, co fin de garantir a gratuidade na educación. O noso proxecto educativo está orientado a educar persoas felices, libres e autónomas. Fomentamos unha educación integral que inspira aos nosos alumnos e alumnas a converterse en persoas responsables e comprometidas, capaces de perseguir, loitar e conseguir as súas metas; adaptarse ao cambio e transformar construtivamente o mundo. É un centro mixto, aberto a todos/as e sen discriminación.

O centro se atopa no centro da cidade, na zona vella, sendo un lugar privilexiado pola súa tranquilidade e seguridade, ao atoparnos en zona de preferencia peonil.

2. CARACTERÍSTICAS DE CENTRO

O centro está formado por un edificio onde se sitúan nove aulas, tres de Educación Infantil e seis de Educación Primaria. Ademais contamos cun aula de usos múltiples, unha biblioteca, aula dixital, aula de arte, sala de mestres e despachos de unión coa comunidade educativa.

Todas as aulas ordinarias, a biblioteca, a aula de usos múltiples e a aula de informática contan con computador, equipo de son, proxector e pantalla ou pizarra interactiva. Igualmente, tablets para o uso do alumnado estando distribuídas por niveis. O centro tamén dispón dun aula de Polos Creativos equipada con recursos de robótica, electricidade,

impresora 3, cortadora láser e mecanismos de programación, un espazo innovador que favorece a aprendizaxe práctica e creativa do alumnado.

A gran maioría das familias do noso centro, como as da contorna, teñen un nivel socio-económico-cultural medio alto. Moitas delas teñen estudos universitarios, e en xeral teñen un alto grao de implicación e preocupación pola formación dos seus fillos/as, o que facilita bastante o proceso de ensino-aprendizaxe xa que as familias son un elemento clave nel, e a súa boa predisposición debe ser un factor esencial na implementación do Proxecto Educativo. A interrelación alumno-profesor/a-familia vese favorecida por ese clima de comunicación e de intereses comúns. Desde hai moitos anos, o noso colexio foi evolucionando claramente cara a un aumento da participación efectiva das familias nos asuntos do colexio. O noso punto de partida neste sentido é moi amplo e variado.

O noso alumnado procede maioritariamente da zona de Pontevedra, aínda que se observa un incremento de alumnado procedente doutros municipios de máis lonxe.

En varias das nosas aulas hai integrados alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, cunha boa integración nas súas aulas de referencia.

Os profesores viven e transmiten o espírito que anima o noso estilo educador. Concretan no día a día, a súa relación cos/as alumnos/as e co resto da Comunidade educativa. Son os primeiros responsables do ensino orientando e axudando aos/as alumnos/as no proceso educativo e complementando a acción educativa das familias.

Un dos aspectos máis destacados da nosa labor como centro, foi poñer ao dispor das familias toda a información necesaria para que puidesen coñecer o noso traballo, así como programar ben o seu tempo para reunións, citacións ou eventos que se suceden durante todo o curso.

Desde o noso centro usamos varias vías de comunicación coas familias, entre elas destacamos a páxina Web do centro, blogues educativos e de centro, onde poderán atopar toda a información e documentación necesaria do centro, e seguir as diferentes actividades

que se van levando a cabo. Para a comunicación coas titoras e especialistas, comunicación de notas, documentos e citacións as familias poderán usar o correo electrónico ou papel (cada vez máis en desuso polo noso compromiso co medioambiente) ou por medio de Abalar.

3. ORGANIZACIÓN DE CENTRO

O persoal docente é a seguinte: tres mestres de Educación Infantil, seis mestres de Educación Primaria, unha mestra de educación musical, un mestre de educación física, unha mestra de inglés, unha mestra de pedagogía terapéutica, unha mestra de audición e linguaxe, unha mestra de relixión e un auxiliar de conversa. É un persoal moi estable, formada case na súa totalidade por propietarios/as definitivos/as que ocupan a súa praza.

O centro conta cun equipo directivo formado por Directora, Xefa de Estudos e Secretaria. Así mesmo ten conformado o Consello Escolar, onde se atopan representados os estamentos da nosa comunidade educativa ademais dos representantes da empresa, e a Comisión de convivencia e benestar. Os órganos de comisión docente debemos destacar o claustro de profesores, equipos de ciclo, o equipo de normalización lingüística, o equipo de dinamización da biblioteca, equipo TIC, equipo de promoción de vida activa e saudable, equipo de actividades complementarias e extraescolares, equipos titores, equipo de coordinadores ...

4. PROXECTO EDUCATIVO

No tempo que o CPR San José leva en funcionamento, demostrou capacidade de liderado no seu funcionamento, logro de obxectivos, prestixio e recoñecemento. Para continuar co traballo de tantos compañeiros e compañeiras, e en consonancia co actual proxecto de dirección, enumeramos a continuación os nosos acenos de identidade:

- Educar nos valores propios dunha sociedade democrática e plural con liberdade e

responsabilidade, solidariedade, diálogo, respecto, espírito democrático e crítico, fomentando o coñecemento e respecto cara ás diferenzas ideolóxicas, relixiosas, sociais, culturais... para conseguir unha escola coeducativa, tolerante, solidaria e participativa.

- Atender á diversidade de ritmos evolutivos de aprendizaxe e de capacidades diversas, apoiando ao alumnado que máis o necesite para conseguir os seus obxectivos e desenvolverse na súa integridade como persoa, ordenando axeitadamente os espazos e tempos, establecendo criterios metodolóxicos que permitan a atención á diversidade do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Potenciar o desenvolvemento dunha vida sa e saudable, fomentando unha vida activa, cunha alimentación saudable e con respecto polo medio ambiente por medio de hábitos saudables para un desenvolvemento sostible e a utilización responsable do tempo libre e do lecer.
- A acción docente orientarase cara á promoción individual e colectiva das capacidades para a vida, o esforzo e o traballo ben feito, fomentando a autoestima, o autocontrol, a creatividade e a empatía coas mellores garantías de éxito.
- Buscar a mellora constante do rendemento escolar, entendido como maior grao de preparación intelectual, ética, social e física, facendo que o noso alumnado se sinta protagonista da súa propia educación, cun elevado grao de autonomía e dominio das competencias craves e de calquera habilidade e destreza que afrontar con garantía calquera reto na súa vida cotiá.
- Estimular e potenciar a curiosidade entre o mundo que nos rodea (natureza, organizacións sociais, cultura) e o desexo de comprendelo, respectalo e melloralo, favorecendo procesos interdisciplinares e de aprendizaxe significativa que estimule no alumnado a adquisición de hábitos de estudo e traballo cooperativo como complemento ao individual.
- Fomentar a innovación pedagóxica, empregando unha metodoloxía participativa e motivadora, con especial atención ao uso das TICs, para a consecución dos

obxectivos marcados, traballando tanto a adquisición de contidos básicos como técnicas de aprendizaxe, facilitando e fomentando iniciativas do profesorado que propicien dita investigación, experimentación e innovación.

- Estimular a formación permanente do profesorado para conseguir un maior valor engadido para eles e consecuentemente para o alumnado.
- Na xestión e toma de decisións fomentárase a participación democrática de todos os membros da Comunidade Educativa, delimitando metas, campos de actuación e competencias, segundo lexislación vixente.
- Buscar unha calidade de funcionamento con xestión eficaz dos recursos dispoñibles, coa vista posta nunha mellora constante, promovendo a colaboración de todas as persoas nas actividades do centro, asumindo responsabilidades e o mantemento dos espazos e instalacións que se utilizan.
- Relacionarnos co resto de institucións públicas e/o privadas para aproveitarse das sinerxías que se poidan xerar, en especial naquelas da nosa contorna máis próxima e, sobre todo, aquelas con un maior vínculo coa nosa comunidade educativa, fomentando intercambios de experiencias educativas e/o culturais.
- Desenvolver unha cultura da avaliación, tanto educativa, como do funcionamento do centro.

5. OBXECTIVOS DE CENTRO

- Favorecer unha educación personalizada. A realización da tarefa educativa así entendida, implica un coñecemento profundo do noso alumnado e da súa realidade, por parte de titores/as e profesores/as implicados/as no seu proceso de aprendizaxe. Por isto, a relación alumnado profesorado é o mais importante no noso proceso de ensinanza aprendizaxe. Atendemos e acompañamos ao noso

alumnado para descubrir as súas necesidades e crear un ambiente preciso para que esas necesidades maduren de maneira individual e o traballo se reflecta na aula cada día. Traballamos para lograr un nivel de esixencia persoal e grupal no que o alumnado poida rendir segundo as súas posibilidades e marcado pola maduración de cada alumno/a. Fomentamos a cooperación, os traballos de axuda recíproca e os traballos que fomenten a axuda entre todos/as.

- Favorecer a vida dentro da sociedade. Buscamos que o noso alumnado se preocupe por todo o que lle rodea, se fagan responsables dos recursos do planeta, educando persoas autónomas con capacidade crítica que sexa solidario, honrado e competente. Debemos formar valores para que coñezan, convivan, respecten e valoren distintas culturas, razas ou relixións.
- Favorecer a creatividade e a cultura. Buscamos unha renovación metodolóxica que estimule no noso alumnado a súa creatividade, dando protagonismo ao seu aprendizaxe buscando o desenvolvemento cara un produto final adaptando a súa metodoloxía cara as posibilidades individuais do noso alumnado.
- Fomentar o desenvolvemento lingüístico. Buscamos acadar un uso fluído das dúas linguas oficiais da comunidade; ademais de comprender e expresarse de maneira apropiada nas linguas estranxeiras. Desenvolvemos unha educación enmarcada no coñecemento da lingua e a cultura da lingua castelá, a propia da nosa comunidade autónoma e inglesa. Intentamos que esta sexa valorada polos/as alumnos/as, realizando actividades que permitan o acceso a elas en todos os cursos.
- Favorecer a educación na diversidade. O centro non realiza discriminación algunha. Este é un valor fundamental que fainos defender unha escola na que todos/as teñamos cabida, sexa cal sexa a súa orixe, cultura, identidade sexual, ideoloxía, relixión...
- Desenvolver unha metodoloxía baseada na experiencia , as actividades e o xogo, nun clima de agarimo e confianza que respecte as necesidades afectivas propias deste período.

6. OFERTA EDUCATIVA

- Educación infantil: Contamos con unha liña por cada curso de educación infantil. Atendendo á Normativa vixente impártense as seguintes áreas:
 - Comunicación e representación da realidade
 - Crecemento en harmonía
 - Descubrindo e explorando a contorna
 - Relixión ou Atención educativa

- Educación primaria. A etapa de Educación Primaria forma parte do ensino básico e, polo tanto, ten carácter obrigatorio. A finalidade da educación primaria será a de facilitarlle ao noso alumnado aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, lectura, cálculo, lóxica matemática, escritura, dinamizacións culturais, hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, sentido artístico, creatividade, afectividade... co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

Atendendo á Normativa vixente impártense as seguintes áreas:

- Música e Danza
- Ciencias da natureza
- Ciencias Sociais
- Educación Plástica e Visual
- Educación física
- Lingua Castelá e Literatura
- Lingua Galega e Literatura
- Matemáticas

- Lingua estranxeira – inglés
- Relixión ou Proxecto competencial
- Educación en Valores cívicos e éticos (6º EP)

7. COMPETENCIAS CLAVE

A necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posible o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento é a base do noso proxecto educativo. O concepto competencia defínese como “a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada”. A competencia supón polo tanto unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Contémplanse, pois, como coñecemento na práctica, é dicir, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais e, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos non formais e informais. As competencias, por tanto, se conceptualizan como un saber facer, que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible resulta indispensable unha comprensión do coñecemento presente nas competencias e a vinculación deste coas habilidades prácticas ou destrezas que as integran.

Dado que a aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, o proceso de ensino aprendizaxe competencial abordárase dende todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non

formais e informais. O seu dinamismo reflectirase en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no uso das mesmas.

A práctica docente, ademais, favorecerá a competencia emocional, entendida como a capacidade para ter conciencia das propias emocións e das dos demais co fin de exercer un control adecuado das mesmas. Para a consecución da devandita competencia, é importante crear bos vínculos entre docente e o alumnado, así como entre os propios alumnos e alumnas, traballo moi arraigado no noso proxecto educativo, dando especial relevancia a consecución desta competencia para chegar a un clima de benestar e convivencia óptimo no centro.

8. TEMAS TRANSVERSAIS

O centro propón facer posible que os/as alumnos/as ao remate da súa fase de escolarización dentro do centro acaden un nivel de maduración a nivel persoal, cun coñecemento de si mesmos/as, das súas capacidades persoais e sobre todo das súas limitacións, intentando dar sempre resposta a cada uns dos atrancos que se poidan atopar na súa vida diaria. Traballarase ademais no coñecemento da vida social e o medio físico, traballando técnicas de experimentación e buscando ensinar valores que posibiliten a súa vida dentro dunha sociedade plural e realista, sen marcarlles nin pautas de discriminación.

Desenvolverase o gusto e o coidado por un/unha mesmo/a e polos que lle rodean, aprendendo respecto, admiración, capacidade pola adaptación aos cambios, deleite polas creacións propias e alleas, goce polo mundo onde estamos e coidado pola natureza que nos arrodea.

Desenvolveranse sentimentos de pertenza á sociedade e aos distintos grupos nos que nela podemos atoparnos, sen perder nunca de vista a nosa identidade persoal. Promoverase

unha participación respectuosa en todas as actividades a realizar e a tolerancia e o respecto cara as conviccións dos demais. Traballarase nun ámbito a favor sempre da xustiza e da paz, do benestar e a convivencia.

Dende o centro polo tanto potenciarase:

- A prevención e resolución pacífica de conflitos, así como os valores que preparan ao alumnado para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e democrática.
- A adquisición de hábitos de vida saudable que favorezan un adecuado benestar físico, mental e social.
- A utilización responsable do tempo libre e do lecer, así como o respecto ao medio ambiente.
- A igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e a non discriminación por calquera condición persoal ou social.
- O espírito emprendedor a partir do desenvolvemento da creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a autoconfianza e o sentido crítico.
- A utilización axeitada das ferramentas tecnolóxicas da sociedade do coñecemento.
- O medio natural, a historia, a cultura e outros feitos diferenciadores da nosa Comunidade para que sexan coñecidos, valorados e respectados como patrimonio propio, no marco da cultura española e universal.
- A toma de conciencia sobre temas e problemas que afectan a todas as persoas nun mundo globalizado, entre os que se considerarán: a saúde, o esgotamento dos recursos naturais, a superpoblación, a contaminación, o quecemento da Terra...
- A análise das formas de exclusión social que dificultan a igualdade dos seres

humanos, con especial dedicación á desigualdade das mulleres.

- A adopción dunha perspectiva que permita apreciar a contribución ao desenvolvemento da humanidade das diferentes sociedades, civilizacións e culturas.
- A análise e a valoración das contribucións máis importantes para o progreso humano nos campos da saúde, o benestar, as comunicacións, a difusión do coñecemento, as formas de goberno e as maneiras de satisfacer as necesidades humanas básicas.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o espírito emprendedor e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as áreas, con independencia do tratamento específico que reciben nalgúns das áreas da etapa, elementos que podemos ver nas diferentes tarefas, actividades e proxectos que se expoñen no desenvolvemento das diferentes unidades didácticas integradas.

9. VIDA SAUDABLE

O noso centro ten o obxectivo de concienciar a todos/as e, especialmente ao noso alumnado, sobre a importancia que ten para a saúde unha alimentación saudable, a práctica de actividade física cotiá, así como a redución de lecer pasivo ou tempo de pantalla.

Temos sempre en conta que durante a infancia establécense os hábitos alimentarios que posteriormente serán difíciles de cambiar. Con hábitos axeitados na alimentación e no estilo de vida, contribuímos de forma positiva na construción e na mellora da súa saúde, rendemento físico e intelectual.

Dende o centro tráballe para concienciar ao noso alumnado que entre eles existen

grandes diferenzas na actividade física, o que condiciona amplas variacións nas necesidades de enerxía e na cantidade de alimentos que son capaces para comer. Que si creamos os hábitos alimentarios que se adquiren nesta época de maneira errónea, manteranse ata a idade adulta, e que polo tanto deben ser conscientes das necesidades que teñen en cada momento e non deben verse influídos polos/as os/as seus compañeiros/as no colexio nin polos medios de comunicación, que son unha gran influencia á hora das preferencias sobre os alimentos ou sobre a vida activa ou no que temos que levar. As súas preferencias alimentarias ou a vida de ocio están máis asentadas que nas etapas previas e adoitan presionar á familia para comer só o que lles gusta ou facer só o que eles creen que é mellor para gozar do tempo de lecer.

O centro leva anos pertencendo ao Plan Proxecta+, da Xunta de Galicia para favorecer eses hábitos de vida saudable baseados na alimentación e na vida activa e deportiva, creando actividades de fomento do consumo de froita e de leite así como participando en actividades deportivas escolares que favorezan a vida activa do noso alumnado dentro da etapa escolar.

10. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Dende o CPR San José respectaremos sempre os seguintes principios comúns:

- Favorecerase o bo clima escolar, facilitando o crecemento persoal e o proceso de ensino aprendizaxe, potenciando non só o desenvolvemento intelectual, senón tamén o afectivo, social, ético e físico.
- Fomentarase o traballo cooperativo, desenvolvendo o principio de socialización que propón situacións de aprendizaxe facilitando momentos para agruparse, compartir o material e sentir o apoio dos/as outros/as que lle axudará a socializarse e comunicarse.
- Asumimos a necesidade de utilizar uns métodos que ensinen ao alumnado técnicas e destrezas que lle axuden a pensar, a aprender por si mesmos.

- Atenderase á diversidade e á integración en todas as actividades, atendendo ás características diferenciais dos alumnos/as do centro, partindo do principio de individualización e no deseño de actividades que respecten o ritmo individual de cada alumno/a.
- Flexibilizarase a distribución do tempo e a organización dos distintos grupos en función das necesidades e actividades.
- Buscarase a colaboración e integración da comunidade educativa, favorecendo a coordinación familia escola.

Na educación infantil o xogo, a experimentación e a realización de actividades de carácter globalizado son un medio eficaz para desenvolver a gran maioría dos obxectivos propios desta etapa educativa. Os horarios estruturarase a través de rutinas que axuden aos/as nenos/as para orientarse temporalmente e que lles faciliten a adquisición de determinados hábitos. En canto á organización do tempo dentro da aula, as sesións deben ir promovendo, paulatinamente, o aumento da capacidade de concentración do/a neno/a fronte á inicial dispersión. A metodoloxía seleccionarase en función do tipo de contido ou actividade que se vai a desenvolver, así como das características do/a alumno/a deste ciclo educativo. Na aula traballarase de forma individual e en grupo. A exploración e a curiosidade espontáneas deben ser aproveitadas para a aprendizaxe. Nestas idades, a familia é especialmente importante na educación do/a neno/a. É necesaria a colaboración e coordinación entre a familia e o centro a fin de actuar de modo congruente, acordando pautas de actuación conxuntas e coordinadas e establecendo de común acordo os límites polos que discorra o comportamento do neno e da nena. É especialmente importante a súa participación e axuda no período de adaptación ao centro e á aula.

A nosa metodoloxía basearase na etapa de Educación Infantil en:

- Detectar os coñecementos previos do alumnado para poder realizar a intervención adecuada.

- Expor situacións que non estean moi afastadas nin excesivamente próximas ás súas experiencias para provocar o conflito cognitivo que actuará de resorte para que os nenos e nenas exploren solucións a cada situación.
- Organizar os contidos de Educación Infantil tendo en conta que é o neno ou nena quen ten que asimilalos. O establecemento de contidos que actúen como organizadores previos, a planificación de eixos temáticos, centros de interese ou fíos condutores e o repaso regular e xornal dos contidos abordados con anterioridade contribúen a que os nenos e nenas sintan confianza e seguridade ante as situacións que se lles expoña. Para conseguir que as aprendizaxes dos nenos e nenas sexan significativas e que estes sexan o resultado do establecemento de múltiples conexións, de relacións entre o novo e o xa aprendido, é importante que a proposta sexa concibida baixo unha perspectiva globalizadora. Trátase, pois, dun proceso global de achegamento á realidade que se quere coñecer.

Unha das principais fontes de actividade nestas idades é o xogo . É necesario dotar de carácter lúdico calquera actividade que vaíamos a realizar evitando a división entre xogo e traballo, xa que o xogo é o traballo dos/as nenos/as. Hase de potenciar, así mesmo, o xogo autónomo dos nenos e nenas, tanto o individual como o realizado en equipo, pola seguridade afectiva e emocional, pola integración dos nenos e nenas entre si e cos adultos.

O ensino activo contémplase cunha ampla proposta de actividades individuais e de grupo, nas que os nenos e nenas poderán desenvolver as súas capacidades de manipular, explorar, observar, experimentar, crear..., que lles permitirán aplicar e construír os seus propios esquemas de coñecemento. Un principio metodolóxico moi ligado á actividade é a motivación.

É absolutamente necesario que o neno e a nena se sintan atraídos cara á aprendizaxe. Nisto xoga un papel moi importante que os obxectivos, contidos e actividades teñan un nivel adecuado, que respondan os seus intereses e que os métodos e recursos sexan atractivos e faciliten a aprendizaxe. Para lograr que os nenos e nenas estean motivados, propóñense

varios tipos de estímulos: Observación, manipulación e exploración; situacións apropiadas de comunicación verbal, plástica e psicomotriz; estímulos afectivos, que son fundamentais pola satisfacción que reportan...

Atenderemos tamén ao principio de socialización . O egocentrismo é un trazo propio nestas idades e é necesario que o superen. Neste sentido, propoñeranse gran cantidade de actividades de grupo nas que os nenos e nenas aprenderán comportamentos e normas, así como a compartir, a respectar, a participar, e, en definitiva, a relacionarse cos demais.

En Educación Primaria, igualmente, a metodoloxía adaptarase ás características do alumnado, favorecerá a capacidade para aprender por si mesmo/a e para traballar en equipo, e iniciará ao alumnado no coñecemento da realidade.

Compartimos e facemos noso á consecución dos principios de “ensinar a pensar” e “aprender a aprender”. Isto é, a confección de estratexias que permita ao noso alumnado aprender por si mesmos. Implica que en cada materia deben exercitarse unhas técnicas de estudo adecuadas á adquisición de aprendizaxes de forma autónoma.

As aprendizaxes deben partir do nivel de desenvolvemento do/a alumno/a. Han de ser “significativas” e arrincar de coñecementos previos, motivadores e estruturados. Isto require unha actividade importante do alumnado para establecer relacións entre o novo contido e os contidos previos, que debe ser guiada polo docente de forma eficaz e distinta segundo as características de cada área. Destacamos a necesidade de fomentar o desenvolvemento do esforzo e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar certas decisións e asumir responsabilidades. Prestarase atención especial á adquisición e o desenvolvemento das competencias clave. A práctica docente debe ter en conta os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Isto supón aplicar os principios da aprendizaxe cooperativa, recoñecer o autocoñecemento e o coñecemento dos demais, estimular a creatividade e a intelixencia diversa, interactiva, dinámica e distintiva.

A través das áreas de Ciencias da Natureza e de Ciencias Sociais o alumnado iníciase no

desenvolvemento das principais estratexias da metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar o problema, formular hipótese, planificar e realizar actividades, observar, recoller e organizar a información relevante, sistematizar e analizar os resultados, sacar conclusións e comunicalas, traballando de forma cooperativa e facendo uso de forma adecuada dos materiais e ferramentas.

A área de Lingua Castelá/Galega e Literatura terá como finalidade o desenvolvemento das destrezas básicas no uso da lingua: escoitar, falar, ler e escribir, de forma integrada. A adquisición destas destrezas comunicativas só pode conseguirse a través da lectura de distintas clases de textos, da súa comprensión e da reflexión sobre eles, tendo presente que esta non debe organizarse ao redor de saberes disciplinares estancos e descontextualizados que prolongan a separación entre a reflexión lingüística e o uso da lingua, ou entre a reflexión literaria e o pracer de ler, senón que deben axustarse á realidade cambiante dun individuo que vive inmerso nunha sociedade dixital e que é capaz de buscar información de maneira inmediata a través das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

En matemáticas, a metodoloxía estará baseada na experiencia; os contidos de aprendizaxe parten do próximo, e abordaranse en contextos de identificación e resolución de problemas. As matemáticas apréndense utilizándose en contextos funcionais relacionados con situacións da vida diaria, para ir adquirindo progresivamente coñecementos máis complexos a partir das experiencias e os coñecementos previos. Os procesos de resolución de problemas constitúen un dos eixos principais da actividade matemática e deben ser fonte e soporte principal da aprendizaxe ao longo da etapa, debido a que constitúen a pedra angular da educación matemática.

En canto a Lingua Estranxeira (Inglés), na etapa de Educación Primaria terase moi en conta que se parte dun traballo previo na etapa de infantil polo que, tanto na interacción comunicativa como na comprensión e produción de sinxelas expresións ou vocabulario básico, resultará esencial remitirse sempre a contextos familiares para o alumnado desta idade, aproveitando así os coñecementos previamente adquiridos e as capacidades e experiencias que xa posúe. Partindo deste feito, a metodoloxía deberá ir encamiñada a fomentar un uso da lingua contextualizada, no marco de situacións comunicativas propias de

ámbitos diversos e que permitan un uso da lingua real e motivadora.

A área de Educación Artística comprende diversas formas de expresión e representación mediante as cales o alumnado aprende, expresa e comunica distintos aspectos do seu mundo interior e da realidade exterior. Por iso é polo que o seu ensino sexa eminentemente práctica e a súa metodoloxía consista basicamente en proporcionar ao alumnado coñecementos e claves para o desenvolvemento do seu sentido estético e, fundamentalmente, ferramentas e técnicas para a expresión. Do mesmo xeito que ocorre con outras linguaxes, o ser humano utiliza a linguaxe plástica para comunicarse co resto de seres humanos.

En Música, será preciso combinar os dous grandes tipos de estratexias didácticas: a interpretación e a creación. Aplicaranse diversas técnicas como faladoiros dialogados, dramatizacións, comentarios de pezas musicais, investigacións e exposicións orais, interpretacións vocais e instrumentais, danzas... O xogo será unha das principais estratexias. A creatividade e a improvisación en música facilitará o desenvolvemento destas as principais capacidades e para conseguir este propósito procurarase crear un ambiente distendido.

A metodoloxía da área de educación física deberá permitir explorar ao noso alumnado o seu potencial motor á vez que desenvolven as competencias motrices básicas. Iso implica mobilizar toda unha serie de habilidades motrices, actitudes e valores en relación e a través de situacións de ensino-aprendizaxe variadas, nas que a experiencia individual e a colectiva permiten adaptar a conduta motriz aos diferentes contextos.

O ensino da área de Educación en Valores cívicos e éticos, en sexto de primaria, require que o docente estimule a axuda mutua e o traballo cooperativo. A metodoloxía na aula debe basearse na relación entre o progreso persoal e o académico, porque equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente. As decisións metodolóxicas débense guiar polo obxectivo de facilitar o desenvolvemento de persoas ben formadas e informadas, capaces de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

11. ENTIDADES COLABORADORAS

Dende o centro traballamos en colaboración ou intercambio con diferentes entidades privadas ou públicas para a realización de actividades educativas.

Entidades como o Concello, a Diputación Provincial, a Xunta de Galicia, AFundación, LaCaixa, Clubs deportivos, organizacións privadas e outros organismos fan propostas xeralmente de tipo cultural ou de aprendizaxe global que favorecen a realización de actividades dentro e fora do centro para a aplicación e reforzo de coñecementos no noso alumnado.

12. PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

O centro participa e elabora diferentes plans e proxectos para o desenvolvemento global do noso alumnado.

- Plan de actividades complementarias e extraescolares. Con este plan o centro establece as actividades a realizar durante o ano para a ampliación de coñecementos e a participación activa no bosquejo de aprendizaxes significativos.
- Proxecto deportivo de centro. Con este proxecto pretendemos fomentar a práctica de actividade física en todas as idades.
- Plan de autoprotección. Documento que ten como obxectivo previr e controlar os riscos sobre os usuarios do centro.
- Plan de vida saudable. Aporta un punto mais ao noso proxecto deportivo de centro, creando hábitos saudables da vida e do ocio e aportando hábitos alimenticios de consumo de froita e leite no centro.

- Plan de formación do profesorado. Ten como obxectivo primordial a adecuación da práctica docente perfeccionando e actualizando a súa formación didáctica.
- Proxecto lector. Ten como obxectivo mellorar a competencia lectora do noso alumnado e promover o gusto e o hábito pola lectura.
- Plan de biblioteca. Ten como obxectivo denominador dar a nosa biblioteca a máxima importancia para o desenvolvemento académico do noso alumnado.
- Plan dixital. Fomenta o desenvolvemento tecnolóxico do centro e a competencia dixital do noso alumnado, profesorado e familias.
- Plan de convivencia e benestar escolar. Implementación de actividades, campañas, plans e programas dirixidos ao bo funcionamento do centro nesta ámbito.
- Proxecto lingüístico. Ten como obxectivo principal impulsar e apoiar a mellora da competencia lingüística.
- Plan de acción tutorial. É o documento no que se recolle o funcionamento das tutorías.
- Xogade. Programa educativo e lúdico deportivo da Xunta de Galicia na que o centro participa.
- Digicraft. Proxecto no que o centro participa, co alumnado de quinto e sexto de primaria, que permite a formación do alumnado na competencia dixital.
- Polos creativos. Proxecto no que nos involucramos para crear espazos educativos innovadores cun deseño modular e innovador, dotados de equipación especializada para o traballo tecnolóxico do noso alumnado.